

# BEAUTIFUL BOY. SEMPRE SERÁS O MEU FILLO

[Felix Van Groeningen, 2018]

# 500

**ESTREA:** 15.03.2019 | V.O.S.E.

*Beautiful Boy* (2018, 111')

**Dirección:** Felix Van Groeningen

**Guión:** Luke Davies, Felix Van Groeningen

(**Memorias:** David Sheff, Nic Sheff)

**Elenco:** Steve Carell, Timothée Chalamet, Maura Tierney, Amy Ryan, Christian Convery, Kaitlyn Dever, Oakley Bull, Amy Forsyth, Stefanie Scott, Julian Works, Jack Dylan Grazer

**Son:** Lisa Pinero

**Montaxe:** Nico Leunen

**Dirección de arte:** Patrick M. Sullivan Jr.

**Vestuario:** Emma Potter

**Música:** Brent Brooks

**Fotografía:** Ruben Impens

**Produtora:** Big Indie Pictures, Plan B Entertainment, Starbucks Entertainment, Amazon Studios (EEUU)

**Distribuidora:** Diamond Films

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.39:1

**Idioma orixinal:** Inglés

## PREMIOS E FESTIVAIS

Globos de Ouro (Nomeado a Mellor Actor de Reparto —Timothée Chalamet—), Donostia 2018 (Sección Oficial), Chicago 2018 (Mellor Filme)

## FILMOGRAFÍA CIRO GUERRA

*Belgica*, 2016

*Alabama Monroe*, 2012

*De helaasheid der dingen*, 2009

*Dagen zonder lief*, 2007

*Steve + Sky*, 2004

## SINOPSE

Beautiful Boy narra a conmovedora e inspiradora historia de supervivencia, recaída e recuperación dunha familia que lidou coa adición durante moitos anos, poñendo a proba o seu amor e compromiso. A medida que Nic recae repetidamente, os Sheff enfróntanse a unha enfermidade que non discrimina e que pode afectar a calquera familia en calquera momento.

«Un drama duro e dolorosamente tenro que evita caer nas falsas esperanzas ou no sentimentalismo barato»

Peter Travers, ROLLING STONE



# BEAUTIFUL BOY. SEMPRE SERÁS O MEU FILLO

[Felix Van Groeningen, 2018]

★  
**EUROPA CINEMAS**  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Quería que os espectadores puidesen empatizar con Nic, por iso decidín mostralo nalgúns momentos cruciais”

**Entrevista con Felix Van Groeningen**

*Por Aurore Engelen*

**Como empezou a túa aventura americana?** Estaba en Los Ángeles promocionando *Alabama Monroe* e cruceime con algúns membros da industria cinematográfica. Reuníme cos representantes de Plan B, a compañía de Brad Pitt, e faláronme dun proxecto moi importante para eles. Consistía na adaptación de dous libros, as biografías dun pai e un fillo, David e Nic Sheff, e a batalla de leste contra a drogodependencia. En certa forma o feito de ler estes libros abríume os ollos, sentín amor por esta familia e decidín que era a persoa axeitada para facer o filme. Levounos bastante tempo levalo a cabo, pero estou moi contento con el.

**Adaptar dous libros parece un reto.**

Traballar na adaptación dun só libro xa é bastante complexo, sobre todo no que se refire a prescindir dalgunhas partes, así que cando tes que facelo con dúas obras é necesario tomar decisións drásticas. A perspectiva do pai estaba clara desde un principio, é o corazón da historia, pero

ser capaces de contar de forma paralela a traxedia de Nic desde o seu propio punto de vista axudounos a enriquecer considerabelmente toda a experiencia. Quería que os espectadores puidesen empatizar con Nic, por iso decidín mostralo nalgúns momentos cruciais, non só cando consumía drogas senón tamén cando se atopaba mellor e durante as súas recaídas, para axudar ao público a comprender mellor as súas accións e a preocupación do seu pai.

**A música sempre xogou un papel moi importante nos teus filmes, que normalmente presentan unha banda sonora moi potente. Nesta ocasión só utilizaches obras xa existentes.** A música sempre foi moi importante para David e Nic Sheff. Eles comparten os mesmos gustos, o mesmo entusiasmo, así que me parecía apropiado compartir a súa música cos espectadores. O editor da película, Nico Leunen, animoume durante a montaxe a utilizar cancións intradiexéticas como parte da banda sonora. En Bélxica sempre temos que preocuparnos polo orzamento cando se trata destes asuntos, pero neste caso as posibilidades eran practicamente ilimitadas. Tivemos a oportunidade de utilizar cancións enteiras, sen ter que preocuparnos polos dereitos, o cal nos achegou moita liberdade artística.

**O filme está protagonizado por Steve Carell e Timothée Chalamet. Foi tamén parte do luxo da aventura americana?** Por suposto. Steve Carell é un xenio, pode facer de todo. É un cómico incribel, pero tamén ten un

profundo sentido do drama. En canto a Timothée Chalamet, a súa xenialidade reside na súa vontade de probalo todo e, evidentemente, no seu enorme talento.

**Como foi a experiencia en xeral?** Foi unha experiencia moi profunda. Estiven a vivir en Estados Unidos durante case un ano e medio e, a pesar de non ter intención de asentarme alí, o proxecto espertou sentimentos moi fortes en min. Teño varios proxectos pendentes agora mesmo, pero aínda non sei cal vai ser o seguinte. Hai pouco fun pai por primeira vez, así que necesito cargar as pilas un pouco antes de decidir que vou facer durante os próximos anos da miña vida.

Publicado en cineuropa.org  
Tradución: Olalla Cocña

**NA LIBRARÍA NUMAX**

*Beautiful boy*, David Sheff  
Simon & Schuster

**NUMAX**

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

**4€**  
**Faite NUMAX!**

**Abónat agora e ven sempre por**